

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR

ÓRGANO PROPOÑENTE DA CONTRATACIÓN
Subdirección Xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica

EXPEDIENTE	DXIS-CM-11-2023 Programa de formación especializada para Traballadores Sociais. 1º semestre
OBXECTO CONTRACTUAL	Servizo de formación especializada dirixida ao persoal dos Servizos Sociais Comunitarios. 1º semestre do ano 2023.
CUALIFICACIÓN DO CONTRATO	Contratación menor
RESERVA EN FAVOR DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO OU EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL	<i>NON</i>

FEITOS

1. A Consellería de Política Social e Xuventude pretende a contratación dun servizo de coordinación e desenvolvemento das accións formativas especializadas dirixidas aos e ás profesionais dos servizos sociais comunitarios dos concellos, que se executará no primeiro semestre de 2023.
2. Para este fin, solicitou ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) o orzamento para impartir a formación nas seguintes áreas de coñecemento consideradas como relevantes para o desempeño axeitado e de calidade por parte do colectivo destinatario:
 - Obradoiro de Autocoidado Profesional
 - Curso de Dirección e xestión dos ss.ss. Comunitarios. Unha proposta desde o traballo social.
 - Curso de Informe Social. Valoración de apoios.
3. Por outra banda, tanto a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, coma na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establecen entre os fins e funcións dos colexios profesionais de Galicia o de organizar actividades dirixidas á formación e ao perfeccionamento profesional dos seus colexiados.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) e as disposicións que o desenvolven; con carácter supletorio, as demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.
2. O obxecto deste contrato conforma unha unidade funcional independente e non deriva dunha fragmentación ilícita do obxecto contractual para eludir as regras de publicidade e adxudicación previstas na LCSP.
3. Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación **2023.13.03.313C.640.1 (proxecto 2012 00569)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2023, para facer fronte ao gasto derivado desta contratación.



4. O artigo 118 da LCSP require para este tipo de expediente, cando menos a aprobación do gasto. A data da devandita aprobación do gasto figura no expediente de gasto que financia a presente contratación.
5. De acordo cos feitos e as consideracións expostas, e logo de solicitar o pertinente **orçamento** á entidade indicada, PROPONSE a adxudicación do contrato de referencia a

Adxudicatario	COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
C.I.F/N.I.F.:	Q-1569016G
Importe de adxudicación	13.476,83 euros (impostos incluídos)
Prazo de execución	Período máximo de execución de 6 meses

A prestación deberá englobar as prestacións recollidas no orzamento que figura no expediente de contratación, nomeadamente as seguintes:

1. Deseño e implementación das accións formativas:
 - Identificación de expertos nese eido para que leven a cabo a docencia dos cursos.
 - Captación de participantes.
 - Deseño dos contidos formativos.
 - Implementación da formación, segundo sexa online ou presencial. A formación online realizarase a través da plataforma tipo Moodle do COTSG, combinándoa con sesións virtuais.
 - Entrega dun dossier da proposta formativa a desenvolver.
2. Obradoiro de Autocoidado Profesional (comunicación non violenta e atención plena): 16 horas durante 2 semanas.
3. Obradoiro de Autocoidado Profesional (teatro-vida para traballadores/as sociais): 20 horas durante 5 semanas.
4. Acción formativa "Dirección e xestión dos ss.ss. Comunitarios. Unha proposta desde o traballo social": 50 horas durante 6 semanas.
5. Acción formativa "Informe social. Valoración de apoios": 15 horas durante 2 semanas.
6. Coordinación e seguimento do itinerario formativo:
 - Coordinación técnica: dirección e planificación do día a día do programa de formación, realización das reunións precisas para a definición do plan de traballo proposto para a execución do programa formativo.
 - Tarefas de información ao responsable designado pola D.X. de Inclusión Social sobre o desenvolvemento da prestación.
 - Control e avaliación do progreso e resultados do programa formativo.
 - Control interno da calidade e avaliación. Realizarase un cuestionario orientado a medir a calidade do curso e a satisfacción do alumnado.
 - Entrega dunha memoria final.



A execución do estudo deberá realizarse baixo a supervisión e á satisfacción da Dirección Xeral de Inclusión Social.

A entidade adxudataria deberá presentar as súas facturas a través das plataformas electrónicas habilitadas para o efecto, preferentemente mediante o Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) que regula a Orde do 12.2.2010 que foi publicada no DOG do 16.2.2010. O enderezo electrónico do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia é https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ e deben indicarse os seguintes datos:

SISTEMA ELECTRÓNICO DE FACTURACIÓN DA XUNTA DE GALICIA	CIF Xunta de Galicia	S1511001H	
	Código interno SEF	2220	
PLATAFORMA ESTATAL Códigos DIR3	Oficina Contable	Consellería de Política Social e X.	A12009376
	Órgano xestor	Dirección Xeral de Inclusión Social	A12017402
	Unidade Tramitadora	Subdirección Xeral de Serv. Sociais e Xestión Económica	GE0011318

O pagamento realizarase no momento de finalización da prestación á satisfacción da administración e previa entrega da documentación que acredite as actuacións desenvolvidas xunto cunha memoria final, nun único pago pola contía total de **13.476,83 euros**.

Esta resolución é definitiva e ponlle fin á vía administrativa. Contra ela é posible interpoñer, con carácter previo e potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao que se reciba a notificación da presente resolución. Tamén é posible interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses con igual día de inicio do cómputo. Os citados recursos regúlanse nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, respectivamente.

Notifíquese esta resolución ao adxudicatario para os efectos do disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Santiago de Compostela, na data que figura nas sinaturas dixitais.

Propón,

A subdirectora xeral de Servizos Sociais
Comunitarios e Xestión Económica

Sonia Piñeiro Saá

Conforme,

A Conselleira
P.D. art. 2 da Orde do 03/03/2016
O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

(asinado de xeito electrónico)

